

Seguro que recordas esta clasificación. De todas formas bóttalle unha ollada por se esqueceras algunha cousas.

Moi ben, agora tes que elixir tres animais dos que aparecen no texto informativo “*Que é o albinismo?*” e escribes as súas características. Terás que facelo de tres grupos distintos.

CLASIFICACIÓN DOS ANIMAIS VERTEBRADOS

MAMÍFEROS: teñen pelo, dentes e labios. Respiran a través de pulmóns e maman despois de nacer. A maioría son vivíparos. Poden ser carnívoros, herbívoros ou omnívoros.

AVES: teñen plumas, peteiro e ás. Todas son vivíparas e respiran mediante pulmóns. Poden ser carnívoros, herbívoros ou omnívoros.

RÉPTILES: teñen o corpo cuberto de escamas e son ovíparas. Respiran a través de pulmóns. A maioría son carnívoros, aínda que algúns son herbívoros.

PEIXES: teñen escamas e son ovíparas. Respiran a través de branquias. Poden ser carnívoros, herbívoros ou omnívoros.

ANFIBIOS: teñen a pel núa e son ovíparas. Son os únicos vertebrados que sofre un cambio denominado metamorfose. Respiran a través de pulmóns, e tamén pola pel, son carnívoros.


Seguro que recordas que é a metamorfose. No cole explicamos o que era e vimos debuxo e vídeo da ra. De todas formas aquí telo para que o lembres mellor, a da ra e a da bolboreta.

Se tes tempo podías facer o debuxo da metamorfose da ra ou da bolboreta así nonte olvidarás dela.

METAMORFOSE

O significado da palabra metamorfose en xeral é mutación, cambio, evolución ou transformación dunha cousa que se converte noutra.

É todo o proceso de cambio que se produce en moitos invertebrados e anfibios desde o estado de larva ao estado de adulto. Lembra que a larva é o que sae do ovo e que ten aspecto de verme ou oruga.



Os anfibios sofren unha transformación. Algúns destes cambios son a perda das branquias, a desaparición da cola, cambios na pel e as

extremidades, etc. Con todo, non en todos os anfibios a metamorfose é tan radical, algúns conservan as branquias e a cola durante toda a vida e outros non desenvolven patas. Mesmo algúns como a píntega non sofre ningunha

metamorfose.